

CERTAME DAS LETRAS GALEGAS 2017

POESÍA NARRATIVA E CÓMIC EN GALEGO



BASES

1. PARTICIPANTES: poderá participar **todo o alumnado** matriculado no IES Castelao no curso 2016-17.
2. PRESENTACIÓN: todos os traballos deberán ser **remitidos ao enderezo revista.iescastelao@gmail.com** cun lema que os identifique. Ademais deberase **entregar na Vicedirección un sobre pechado** no que conste **por fóra o lema** e, **no interior, unha nota na que se inclúa nome e curso do autor.**
3. PREMIOS: haberá dous premios, **o primeiro de 60€ e o segundo de 40€**, para cada unha das modalidades de POESÍA NARRATIVA E CÓMIC, ademais todos os premiados serán agasallados cun **exemplar dunha obra de Carlos Casares.**
4. FORMATO: os traballos **literarios** presentaranse en **Word ou Writer a dobre espazo**. Os de **cómic**, en **PDF**.
5. EXTENSIÓN: poderase presentar **un máximo de 3 poemas de tema e extensión libre**, na modalidade de poesía, **un relato de tema libre e unha extensión máxima de 6 páxinas**, na de narrativa, e **unha historieta de tema libre e un máximo de 3 páxinas**, na de cómic.
6. XURADO: o xurado estará formado por compoñentes do EDLG e profesorado do departamento de Galego.
7. PRAZO: o prazo de entrega remata o **12 de maio de 2017.**
8. DITAME: O ditame darase a coñecer o día da celebración das letras galegas, no mesmo acto tamén se entregarán os premios e se procederá á lectura das obras literarias premiadas por parte dos/as autores/as.